

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

PERMANENTES DO DÍA 26 DE FEBREIRO DE 2008

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e seis de febreiro de 2008, reúnen-se simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva das actas da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 13 de xullo de 2007 e da sesión ordinaria de 26 de xullo de 2007.

A) Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica.

Asistentes:

- Presidente: Don Francisco Javier Varela Tejedor, do PSdeG-PSOE.
- Don Felipe Andreu Barallobre, do PP.
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona Isabel Mª Fuentes Torices, interventora accidental.

B) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos.

Asistentes:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE.
- Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.
- Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

C) Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá.

Asistentes:

- Presidente: Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE.
- Dona Goretti Pérez Eléxpuru, do PP.
- Dona Gumersinda Becerra Montes, do BNG.
- Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

Faise constar que asisten, ademais, os seguintes membros dos grupos municipais: dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; e dona Laura Fernández Martínez, do BNG.

Actúa como secretaria dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria da Corporación.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR, FACENDA E PROMOCIÓN ECONÓMICA

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 29 de xaneiro de 2008

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 29 de xaneiro de 2008.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos cinco membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º Rogos e preguntas

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 1858 o 22 de febreiro actual.

1º Pode explicarnos o responsable da Área de Presidencia, Planificación e Réxime Interior, a recente noticia publicada nos medios de comunicación, relativa á creación da figura do Defensor do Cidadán.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que foi un erro dos medios de comunicación, e son os problemas de dar información a través da páxina web. Enviouse unha rectificación ao xornal, pero aínda non o recolleron. O que si está previsto é a oficina de atención ao cidadán, que se está á espera de que se leve a cabo o correspondente concurso para cubrir as prazas.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 1867 o 23 de febreiro actual.

1ª Despois dos graves incidentes producidos na celebración do entroido, pelexas e pintadas na igrexa de Cambre, que medidas preventivas se tiñan establecido para o acto?

Por que non funcionaron?

Por que non houbo a suficiente vixilancia para impedir os actos vandálicos que tanto alarmaron á poboación?

Dona Erundina Prado Arcay contesta que este ano a policía tomou as medidas necesarias para o efecto, e incluso se reforzaron en relación coas de anos anteriores. Así, este ano prestaron servizo cinco axentes da policía local, un cabo, unha parella da garda civil, tres membros do servizo municipal de protección civil e dezasete voluntarios.

Segue dicindo que as medidas adoptadas si funcionaron. Cando se iniciou unha pelexa dentro da carpa, aos cinco minutos as persoas que participaron entraron esposadas no concello.

En canto aos actos vandálicos, poden xurdir en calquera momento.

Don Antón Otero Domínguez, do BNG, contesta que as pintadas foron despois do acto, e se tivera habido vixilancia non se terían producido.

Dona Erundina Prado Arcay responde que se recolleron botes de pintura, petardos, etc, e que aínda que haxa vinte persoas vixiando, poden ocorrer igualmente estes feitos.

2ª Cando nos van pasar as actas de todos os órganos nos que participa o goberno local, tanto os de ámbito municipal como os de ámbito extra-municipal?

O Sr. alcalde responde que se solicitaron ao Consorcio e a Terra das Mariñas, e cando veñan facilitaránelles.

Don Antón Otero Domínguez pide a do proxecto Auriga e don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que non hai acta.

3ª Despois da pregunta de EU-IU sobre o atraso no transporte público por estrada sendo responsable a empresa ASICASA, comprobouse que a empresa estea cumprindo co horario?

O Sr. alcalde contesta que si preguntaron a ASICASA e comunicaron que se incrementou un bus máis. Parece que se está a cumprir.

4ª En que estado de elaboración está o inventario municipal?

Que previsión hai para ter listo o inventario?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que está como estaba, pendente de que os medios humanos sexan suficientes, e do orzamento.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO, MEDIO AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 29 de xaneiro de 2008

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 29 de xaneiro de 2008.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade

dos cinco membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º Rogos e preguntas

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 1858 o 22 de febreiro actual.

1º Recentemente no lugar do Cruceiro en Pravio, reparouse unha tapa da rede de sumidoiros. Xusto ao lado atópanse unhas lousas da beirarrúa levantadas. Este feito provocou que unha persoa con problemas de mobilidade, resultara lesionada, tendo que ser atendida no centro de saúde de diversas feridas.

O noso grupo prega que con urxencia se leve a cabo a reparación na dita beirarrúa.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que xa se sinalizou pola policía local, e a brigada de obras está traballando na zona.

Don Luis Miguel Taibo contesta que é un perigo e que se debería reparar no acto.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 1867 o 23 de febreiro actual.

1ª O goberno local ten pensado solicitar axudas para plantar árbores frondosas caducifolias á Consellería de Medio Rural?

De ser afirmativo, en que terreos?

**Orde do 30 de xaneiro de 2008 pola que se establecen as bases e se convocan para o ano 2008 as axudas para o fomento das frondosas caducifolias.*

O Sr. alcalde contesta que a Orde esixe que o concello teña como mínimo 10.000 m² de terreo para facer a plantación e Cambre non os ten. Preguntarán na consellería se se poden plantar en varias parcelas distintas.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 1858 o 22 de febreiro actual.

1ª Recentemente, veciños/-as de Cecebre, manifestaban o seu malestar motivado nas deficiencias existentes na rede de iluminación pública, quedando en evidencia unha vez máis os problemas existentes neste servizo, que debería ser continuo e fiable, evitando os problemas de subministración que vai directamente ligado á seguridade dos cidadáns.

Cal foi o motivo de que varios lugares do concello permaneceran sen iluminación pública varios días?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que foi motivado por unha avaría no diferencial por causa dunha tormenta. Coincidiu en venres, e arranxárono o luns pola mañá.

2ª O noso grupo municipal presentou no pleno do pasado mes de setembro un rogo, referente á eliminación de barreiras arquitectónicas na Casa das Palmeiras, que consistía na construción dunha rampla, e a recolocación dun timbre accesible para persoas e cadeiras de rodas.

Por que motivo non se arranxou o problema?

Ten o concello feito algún tipo de xestión para eliminar estas deficiencias?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que os técnicos municipais están traballando para facer unha rampla. O tema é complicado, pois o sitio non é moi largo.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, BENESTAR SOCIAL, CULTURA,

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 29 de xaneiro de 2008

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 29 de xaneiro de 2008.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos cinco membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º Proposta de formalización dun convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para a ampliación do CEIP do Graxal II

Vista a proposta conxunta do concelleiro delegado da Área de Educación, Xuventude e Deportes, e do concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego de data 22 de febreiro actual.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que está de acordo coa proposta de formalización do convenio.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, tamén manifesta a conformidade do seu grupo coa proposta, pois a ampliación do colexio é unha necesidade, pero discrepan do que leva consigo o convenio urbanístico.

Don Manuel Marante Gómez engade que, unha vez que se formalice o convenio coa consellería, supón que o convenio cos propietarios pode ser modificado.

O Sr. alcalde contesta que o convenio se aprobou en maio. A expropiación estaba ao redor de 80 millóns de pesetas e o que se fixo é adquirir o terreo antes e recoller unhas condicións para incluír no Plan xeral. Cando se presente o Plan xeral ao pleno xa se verá o que vai votar cada grupo político.

Don Manuel Marante Gómez contesta que non está de acordo co convenio formalizado cos propietarios. Entende que o concello o que debe de facer é pagar agora os 80 millóns ou o que corresponda, e que aprobar o convenio coa consellería non leve implícito que haxa que aceptar o convenio formalizado cos propietarios tal e como está.

O Sr. alcalde contesta que o terreo xa é do concello, outro tema é que, no seu día, se materialice en edificación ou en diñeiro.

Don Manuel Marante Gómez responde que ten que resolverse agora. Quere que se acepte a formalización do convenio coa consellería pero condicionado a que se modifique o convenio cos propietarios, no sentido de que se pague este ano aos propietarios e non deixar unha hipoteca para a corporación.

O Sr. alcalde contesta que, se quere, vote en contra agora, pois o demais xa se verá no momento en que se traia o Plan xeral.

Faise constar que, sendo as vinte horas e trinta minutos, incorpórase ao salón de sesións don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.

Don José Antonio Baamonde López, do PP, expón que cre lembrar que hai tempo que o concello intenta adquirir estes terreos e quere saber quen participou nas negociacións, pois na lexislatura pasada a competencia en Educación tiña outro grupo, e pregunta se ese grupo participou nas reunións coa familia Rey e, polo tanto, o convenio se formalizou coa aceptación da concellería de Urbanismo e de Educación.

O Sr. alcalde contesta que sempre houbo unha coordinación entre Urbanismo e Educación, non se fixo nada a espaldas, outra cousa é que se teña demorado tanto.

Don José Antonio Baamonde volve preguntar se o anterior concelleiro de Educación estivo de acordo coa formalización deste convenio.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias, do BNG, manifesta que o que debe facer é mirar a documentación, as datas e sinaturas dos documentos, ir ás hemerotecas onde está claro que dende decembro do 2006 en que saíu publicado por primeira vez na prensa o tema do terreo, e ata finais de maio de 2007, eles fixeron unha serie de declaracións públicas, que poden ser examinadas por todos, sobre que lles parecía este tema.

Don José Antonio Baamonde contesta que sabe que se reuniu coa familia Rey.

Don Henrique Xabier Iglesias responde que estivo nunha reunión, na primeira, nada máis, e antes e despois desa reunión eles xa manifestaron que non estaban de acordo coas negociacións.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, expón que o seu grupo sabe que o BNG, no seu día, puxera impedimentos respecto da recualificación dos terreos, e apostaban pola expropiación, polo que reiteran que están de acordo co fondo pero non coa forma.

A comisión, en votación ordinaria, por catro votos a prol correspondentes aos concelleiros do PSdeG-PSOE, PP, EU-IU e GM (PG), coa abstención do concelleiro do BNG, en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Primeiro: Formalizar un convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para a ampliación do CEIP do Graxal II, segundo o modelo remitido a este concello pola citada consellería, e, para tal efecto, poñer a disposición, libre

de cargas e gravames, sen reserva ningunha, o soar que a continuación se describe, cos usos urbanísticos e infraestruturas (abastecemento de auga, subministración eléctrica, saneamento e acceso rodado) que se relacionan no Anexo II do convenio, así como os correspondentes permisos, licenzas e autorizacións necesarios, incluído o de levar a cabo os estudos xeotécnicos.

“Soar co núm. 1 da rúa Curros Enríquez, cunha superficie de 3.542 m².

Linda: Norte: co resto do terreo matriz; Sur, con máis propiedades do Concello de Cambre; Leste, resto de terreo matriz; e Oeste, coa rúa Francisco Rodríguez”.

O citado terreo ponse a disposición da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a ampliación do CEIP do Graxal II, mantendo o concello a súa propiedade.

Segundo: En canto ás obrigas económicas, e segundo consta na cláusula cuarta do convenio, o concello colaborará economicamente na realización das obras, coa cantidade resultante da suma dos impostos correspondentes á taxa por licenza urbanística e ao Imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras que teñan a súa orixe nelas.

Terceiro: Segundo consta na cláusula quinta do convenio, o concello obrígase a asumir, unha vez recibidas as obras pola consellería, e logo da formalización da correspondente acta de entrega do inmovible ao concello, a súa xestión, mantemento e conservación.

3º Informes da concelleira delegada de Cultura e Turismo

Dona Erundina Prado Arcay, concelleira delegada da Área de Cultura e Turismo, informa aos presentes dos seguintes asuntos:

- Que se ten a intención de incorporar un premio especial ao Certame de Pintura por mor dos 25 anos, por un importe de 10.000 euros
- Que se está a elaborar o documento para adhesión ao Consorcio do Camiño Inglés
- Que se está a elaborar o prego de prescricións técnicas para a contratación do Festival Rock, que terá lugar o sábado 14 de agosto de 2008, cun orzamento aproximado de 50.000 euros, e que os grupos artísticos que interesan son:
 - Deluxe
 - Burning
 - Miguel Costas

Dona Erundina Prado Arcay achega información sobre estes temas aos concelleiros asistentes.

4º Rogos e preguntas

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 1858 o 22 de febreiro actual.

1º O próximo 8 de marzo celébrase o Día da Muller Traballadora, e foi usual neste concello, que o goberno municipal acordase unha declaración conmemorativa do mencionado día, recollendo aspectos e reivindicacións que seguen pendentas na loita pola igualdade real de homes e mulleres, instando ás administracións públicas no ámbito das súas competencias, a propiciar medidas e actuacións que contribúan ao logro dese fin.

O noso grupo municipal, prega se convoque unha xunta de voceiros, co fin de elaborar por consenso de todos os grupos representados na corporación, un manifesto conxunto con motivo do Día da Muller Traballadora, que se difundirá na páxina web do concello e nos distintos medios de comunicación.

Don Luis Miguel Taibo engade que lles gustaría que se incluíra na xunta de voceiros a dona Carmen Tato Lago, como concelleira delegada da Área de Asuntos Sociais, Igualdade e Sanidade.

Dona Carmen Tato Lago contesta que non ten problema en asistir.

2º Transcorridos máis de seis meses dende a celebración das festas patronais do mes de agosto de 2007, supoñemos tempo necesario para a súa liquidación económica.

O noso grupo prega que se nos facilite por escrito as facturas e comprobantes de gastos e ingresos relacionadas co mencionado evento.

Dona Erundina Prado Arcay, concelleira delegada de Cultura e Turismo, contesta que xa dispón de toda a información. Fará unha fotocopia e entregárallo mañá ou pasado.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 1858 o 22 de febreiro actual.

1ª O goberno municipal, mediante a Concellería de Asuntos Sociais, está a realizar unha actividade denominada “Ocio para nenos/-as discapacitados” de 3 a 12 anos.

Cales son as actividades ou obradoiros que forman o dito programa?

Que criterios se teñen en conta á hora de seleccionar aos usuarios?

Que criterios de selección ou perfís profesionais se tiveron en conta á hora de contratar aos profesionais que imparten as actividades?

Dona Carmen Tato Lago contesta que a actividade se centra en traballar o ocio e o lecer a través da posta en marcha dunha obra de teatro cos nenos de protagonistas, na que se utilizan tamén recursos como a pintura, ou a música. A actividade iniciouse o venres pasado coa intervención do contacontos Moucho-Leroucho.

En canto aos criterios para seleccionar aos usuarios tívose en conta a acreditación mediante informe médico dos trastornos físicos ou psíquicos, a idade e o empadramento.

Polo que se refire aos criterios de selección dos monitores, manifesta que había actividades que quedaran desertas, polo que había un diñeiro que se empregou para contratar á empresa Cambre Ocio. Un dos monitores leva máis de 15 anos traballando en Aspronaga e o outro que se incorporou agora, igual. Teñen experiencia acreditada suficientemente e, se o desexan, pódella facilitar.

Segue dicindo que o número de participantes actualmente é de sete nenos. O número de profesionais é de dous e o número de monitores de apoio é tamén de dous.

Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU, pregunta se son nenos gravemente afectados.

Dona Carmen Tato Lago contesta que non, hai tres nenos en cadeira de rodas, pero non son nenos gravemente afectados.

Don Juan Antonio Fernández López responde que, aínda que as actividades sexan positivas para os nenos, sería recomendable cumprir coa lexislación para que a atención sexa idónea, e dous profesionais e dous voluntarios son insuficientes, segundo a lexislación aplicable.

Dona Carmen Tato Lago contesta que catro persoas para sete nenos está ben, pero tampouco habería problema para incorporar a outro monitor se a actividade o requirise.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte horas e corenta minutos, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento

orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria, dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de
Presidencia, Réxime Interior, Facenda e
Promoción Económica

Presidente da Comisión Informativa de
Ordenación do Territorio, Medio Ambiente,
Obras e Servizos

Francisco Javier Varela Tejedor

Antonio Varela Saavedra

Presidente da Comisión Informativa de
Educación, Benestar Social, Cultura,
Normalización Lingüística e Participación
Cidadá

Jaime Manuel López Lisnier

A secretaria

Mª Luisa de la Red Ampudia